

Os nacementos en Escudeiros.

[Os nacementos en números.](#)

[Cando se vai por un e veñen dous.](#)

[Fillos da cama ou de detrás da silveira.](#)

[Quen bautizou en Escudeiros.](#)

[Que nomes lle puñan ós bautizados.](#)

[O perigo das serpes.](#)

[Crenzas relacionadas co sexo da criatura.](#)

[A mortalidade infantil.](#)

[Que rapaces traen a sorte.](#)

[Non tódolos nados pesan igual.](#)

“Alzar sen vento e parir sen tempo non pode ser”

“Cada día que amañece novas cousas acontecen”

“Non chega tarde quen ó fin chega”

En Escudeiros a embarazada (“muller co bombo”) non debía pasar por debaixo das cordas ou sedeiros para evitar que a criatura trouxera a lingua suxeita polo frenillo. Asemade debía preservarse coas comidas para evitar que o futuro ser viñera con anxiomas (manchiñas ou sinais no corpo); así non era acaído que comera a paxarela do porco porque esta reflectíase manchando a pel, tampouco debía comer coello para evitar o labio leporino.

Para que o novo ser non trouxera lúas non se lle podían negar á muller certos antollos.

O alumbramento (“libramento”) acompañábase co toque das campás para que se rezara pola parturiente. En Escudeiros esta práctica extinguiu no século XIX; en Santiago durou ata 1.841 e en Verín entrou no século XX.

O nacemento, ou chegada ó mundo, era un dos acontecementos máis importantes. Un novo ser alumeaba á vida. A comunidade alimentaba o seu tecido social e a familia prolongaba o seu apelido.

En Escudeiros críase que a saída de contas e a lúa chea servían naipelo ou naipela.

“As enfermidades de nove meses

nas mulleres cúranse antes dos dez meses”

A maioría dos nacementos tiñan lugar no fogar. Dúas matronas populares, valentes e decididas, asistían ás parturientes: a señora Dolores Mileira e a señora Adriana. A asistencia médica no parto, que foi tardía, só se requiría en caso de dificultades graves ou ante medos insuperables.

“A galiña paire cantando e a muller chorando”

“As mulleres cando pairen acórdanse de San Ramón,

pero non se acordaron do santo cando estaban na función”

Unha parte importante dos nacementos aconteceron pola noite. Tras o nacemento á parturiente dábaselle caldo de galiña ou chocolate e prohibíasele comer alimentos fríos. Non se lle negaba, o que moitas veces era o agasallo das

amizades, a copiña de viño Sansón ou de quina de Santa Catalina porque pensaban que eran benefactores para cantidades e calidades do leite.

“Dálle á parida bos caldo de galiña e de perdiz,

as sopiñas de pan branco e o viño do país”

“O caldo das paridas non lle fai mal ás preñadas”

Ás nenas e ós nenos as novas dos nacementos chegábanlle dun xeito especial: trouxéronos de París, da feira dos Nobelos, da feira do Val ou chegaron grazas ás aves como a cegoña ou o pito rei.

OS NACEMENTOS EN NÚMEROS.

“O home é fogo, a muller estopa; vén o demo e sopra”

“A muller de bo aliño cría, fría, devana e vende o liño”


Os anos con maiores picos de nacementos foron: 1881 e 1902 con 18 neonatos anuais respectivamente, seguidos de 1875 e 1898 con 17, 1869, 1885, 1900 e 1911 con 16 e 1868, 1872, 1895 e 1909 con 15.

ANOS	Totais de nacidos	Media de nacementos anuais	% Mulleres	% Homes
1683 a 1700	116	6,8	47,06	52,94
1701 a 1734 * ¹	276	8,1	46,9	53,1
1844 a 1900	617	12,8	49,6	50,4
1901 a 1950	388	7,7	50,6	49,4

¹ Falta o libro de nacementos de 1734 a 1844. Pódese facer una aproximación polo número de confirmacións, se ben esta sería incompleta ó non ter en conta a mortandade infantil.

1951 a 2000	88	1,07	43	57
----------------	----	------	----	----

Chama a atención que no pobo de Escudeiros, dende que se teñen datos, se rexistraron máis nacementos de nenos que de nenas.



CANDO SE VAI POR UN E VEÑEN DOUS.

“O amor é lume, pero nel non ferve a pota do caldo”

Nos tempos da fame, da escaseza ou da xusteza, a chegada dos partos duplos retrasaba o reloxo da fartura. En Escudeiros entre 1700 e 1734 naceron catro xemelgos, entre 1844 e 1900 vinte e dous, entre 1900 e 1950 doce e entre 1951 e 2000 dous.

FILLOS DA CAMA OU DE DETRÁS DA SILVEIRA.

“Ao pé dunha fonte fría púxenme a chorar as penas

e a auga contestoume: Nin as fagas nin as temas”

“Un pouco de caldo limpo e un pouco de desconfianza


nunca lle fixeron mal a ninguén”

“Onde hai prudencia e boa conciencia sobra a penitencia”

A inmensa maioría dos nen@s nados en Escudeiros eran lexítimos, recoñecidos polo pai e pola nai; fillos da cama ou dunha brincadela de sortellas.

Os fillos ilexítimos eran os feitos no palleiro ou de detrás da silveira; fillos dun só apelido que os cregos asentaban no libro de nacementos como pai incógnito. Algúns nomes do bautizo fanos recoñecibles e amosan certa carraxe: Tiburcio (foi muiñeiro), Expósito...

A dificultade de casamento da nova nai trataba de paliarse con arranxos matrimoniais buscando o conxugue en persoas de paso, de lonxe e, nalgún caso, con marido maduro. Salvo que nalgunha rifa agromase o nubarrón da pasaxe, pronto se esquencería o problema pois, como ben apunta Mandrianes *“As cousas que pasan do embigo para abaixo esquécese tan axiña como se satisfacen”*.



Cos anos os escudeiran@s aprenderon que coa cabeciña cuberta non se pasaba frío e que os coches modernos traían a marcha atrás. Así foi como, aínda que posiblemente se comeran moitas amoras, houbo poucos pinchazos nas silvas.

“Quen pariu que arrole”

QUEN BAPTIZOU EN ESCUDEIROS.

Da boca dos vellos sempre se oíu que a pía bautismal de Escudeiros viñera de Seoane.

Como bos cristiáns os escudeiran@s recibían as augas bautismais das mans dos cregos; pero temos constancia de veciñ@s que levaron a cabo o rito por necesidade e para evitarlle o limbo ó recén nacido. Hai un caso que mesmo parece referir un bautizo prenatal, salvo erro no asentamento. Cando un neno bautizado por un veciñ@ vivía, polo xeral era rebautizado polo crego correspondente facendo constar no asentamento *“botoulle auga un labrador por necesidade (...) tendo dúbidas de si pronunciou as palabras pertinentes”*.

Dende a centuria de 1600, bautizaron na parroquia de Escudeiros o abade Damián Esteban Guerrero, Alvaro Jacinto Martínez, Antonio María Abad, Antonio de Spinozza Fernández, Francisco Rodríguez, Pedro Sánchez, Josep Bernardino Espada, Pedro García, Carmelo Mourille, Manuel Nieves, Manuel Barreiro, Campio Estévez Veloso, Antonio Martínez, Santos Álvarez, Emilio Guntín Souza, Miguel Lorenzo Rozados, José González Álvarez, Enrique Martínez Díaz, José Rojo Martínez, Anibal Gómez e José Ramón Cabano.

Os cregos nunca tiveron dúbidas para asentar no libro os nacementos especificando o xénero e o nome agás en 1718, ano no que se bautizou “unha

criatura hermafrodita”. O ministro de Deus, poñendo por testemuña ó tempo, fixo constar que si é home se chame Gerónimo e se é muller Gerónima.

QUE NOMES LLE PUÑAN ÓS BAUTIZADOS.

Entre as mulleres atopamos: Violantes, Dionisias, Anastasias, Doroteas, Saturninas, Figenia Juana, Florentina Benedicta, Josefa Apolonia, Petronila, Aurora Cristela... E logo os clásicos: Marías, Carmes, Antonias, Pilares, Juanas, Conchas (María Concepción)... etc.

Entre os homes aparecen: Pantaleóns, Tiburcio, Torcuato, Facundo Primitivo, Escelso Feliz, Ramón Ciriaco, Celso Cipriano, Celedonio, Hemeterio Antonio, Honorato Andrés,... E logo os clásicos: José, Antonios, Manueles, Románs, Juans...etc.

A pía bautismal de Escudeiros, feita de pedra granítica da terra, foi pouco respectuosa co galego: os nomes evaporaron a nosa lingua. Co paso do tempo deuse unha clara castelanización dos nomes de persoa.

Coa chegada á parroquia do párroco Don Antonio Martínez, home de estatura grande onde os haxa, proliferaron os nomes duais e triais, xa que este crego sempre agasallaba ó bautizado co nome do Sant@ que cadraba co día da cerimonia.

O PERIGO DAS SERPES.

En Escudeiros críase que o leite das mulleres paridas, e mesmo dos animais, atraían ás serpes. As serpes gustaban del.

Cóntase que as cobras cantan cando cheiran á distancia os moucelos (mamilas) da muller que da o peito. Unha muller que aínda amamantaba ó seu fillo ía regar á noitiña e ante o incesante canto das cobras tivo que dala volta para a casa.

CRENZAS RELACIONADAS CO SEXO DA CRIATURA.

“Tódalas mulleres teñen a rótula de cristal

e un pouco máis arriba a raia de Portugal”

“O miniño é pequeniño pero xa ten miringoliño”

Se a parella quere un neno tiran unha pedra a un burato e se queren unha nena tiran unha tella, posto que a tella é o símbolo da vulva.

Se o novo ser é enxendrado en lúa vella será muller e se é enxendrado en lúa nova será home.

Se a muller empeza a subir escadas, botando primeiro o pé esquerdo a criatura será nena, se bota primeiro o dereito, neno.

Se predominan as patadiñas no ventre na primeira fase do embarazo poderá agardarse un home e se predominan cara ó final, unha muller.

Tamén a xente relaciona o sexo da criatura co volume e forma do ventre da futura nai: Se a barriga é picuda hai que agardar un neno, mentres que se se presenta redondeada todo apunta a unha nena.

A MORTALDADE INFANTIL.

En Escudeiros o mes de setembro era o mes da devouca infantil. As furricainas segaban nas vidas como as gadañas na herba tenra. As enfermidades de transmisión hídrica, como o tifo, a hepatite ou a gastroenterite, fixeron estragos.

Ó longo dos séculos XVII e XVIII a mortalidade infantil foi importante. Os anos 1800, 1875, 1876 e 1877 rexistraron os picos máis altos do século XIX, cun ratio de mortalidade infantil/ano oscilante entre 4 e 7 nen@s/ano. O ano 1900 foi estremeceador, a gadaña da morte segou 13 vidas de nen@s por mor do sarampelo.

QUE RAPACES TRAEEN SORTE.

Algunhas familias de Escudeiros crían que os rapaces que nacen cos pés por diante terán sorte e sairán airosos de calquera circunstancia na vida.

Se a criatura nacía coas mans abertas pensaban que sería xenerosa, pero se nacía con elas moi pechadas estaríamos ante un futuro tacaño, un agarrado ou profeta da Virxe do puño.

“Aos ricos ata lle pairan os bois”

“Onde non hai fariña todo é riña”

“Uns nacen de pé e outros non saben para qué”

NON TODOS OS NACIDOS PESAN IGUAL.

“Trouxo unha criatura grande”

“Trouxo unha criatura pequena”

“Custoulle botala”

“Tivo que empuxar”

“Saíu coma unha lagartiña”

Mesmo había mulleres para quen parir estaba na máxima normalidade. A señora Rufina dicía *“a min cóstame máis ir buscar un caldeiro de auga á Cagalla que parir un fillo”*.

Cos tempos modernos os conceptos de “cría grande” e “cría pequena” escomenzaron a cuantificarse primeiro coa romana e despois coa báscula. Son de salientar por chicarróns “torres” ó Juan Manuel, que pesou cinco quilos ó nacer e sobre todo o seu irmán, Lalo, quen subíu a báscula ata os sete quilos. A Concha, con razón, dixo *“andiven moitos días desconxuntada”*.